

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2014**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas  
DÍA: 20 de outubro de 2014.  
HORA DE COMEZO: 20:25 h.  
HORA DE REMATE: 21:05 h.

**ASISTENTES:**

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Prieto Rial.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 13 de outubro de 2014.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE N° 24.390.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "MANUXI CANGAS, S.L."**

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 15 de outubro de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a "MANUXI CANGAS, S.L.", con enderezo en Rúa Estrela, n° 1-Cangas, para rehabilitación e ampliación de vivenda, sita en Rúa Real, n° 23-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal N° 23.320.

2.B) PARCELACIÓN URBANÍSTICAS DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE N° 25.177.-** Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove Marcelino e Maximina Rial Mariño, con enderezo en Rúa Seixo, n° 8-Darbo, e que consiste nunha división en 2 parcelas netas: n° 1 de 728,00 m2., e n° 2 de 781, 00 m2., e unha parcela de cesión ao vieiro: n° 3 de 2,00 m2., procedentes de un predio matriz de 1.511,00 m2., sito en Seixo-Darbo.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto do día 18 de agosto de 2014 e modificado con documentación aportada o 13 de outubro do ano, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola, Javier Camaño Rial.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que debe axustarse a parcelación, ten que incorporarse á vía pública a parcela n° 3.

Terceiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

2.C) EXPEDIENTES DE OBRAS SOBRE A MESA:

**EXPEDIENTE N° 24.477.-** A "ELEONOR, S.A.", on enderezo en Rúa Marqués de Mondejar, n° 33-28028-MADRID, para en Rúa Andalucía-Cangas, executar unha canalización subterránea de 27,00 metros pola beirarrúa, de conformidade co proxecto de xaneiro de 2013 e coas seguintes condicións:

\* Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

\* Debe presentar un aval por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "ELEC NOR, S.A.", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Esta autorización non implica a instalación dun centro de transformación.

Advírtese ademais que a subministración deste servizo ás vivendas do edificio queda condicionada ao outorgamento da licenza de primeira ocupación e que o concello pode ordenar o corte da subministración contratado sen existencia previa da licenza de primeira ocupación, de conformidade co previsto na Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE N° 25.237.- Tatiana García Malvido, acondicionamento local na Avda. de Bueu, n° 2-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.245.- Josefa Marcelino Iglesias, pintado fachada en Rúa Garelli, n° 23-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.250.- LABOCOTEX, C.B., apertura de oco en Rúa San Xosé, n° 50-Cangas.

#### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.7 64-B.- RECAMBIOS AUTOSPORT, S.L., cambio titularidade de tenda de venda de artigos do automóbil na Avda. de Ourense, n° 83-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.640.- Rodrigo Tievo Pérez, centro fisioterapia en Longán, n° 30-baixo-Cangas.

## **SUBVENCIONS**

### **4°.- DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDIA S/APROBACION DE CONTAS XUSTIFICATIVAS POR CONCESION DE SUBVENCIONS**

#### **4.A) DACION DE CONTA DE RESOLUCION S/APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCION PARA A ORGANIZACION DE PROGRAMAS PARA DINAMIZACION LINGUISTICA NO AMBITO LOCAL**

Dáse conta de resolución da Alcaldía do día 14.10.14, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención para a organización de programas para a dinamización lingüística no ámbito local, que di o seguinte:

#### **"RESOLUCION**

#### ***APROBACION DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCION PARA A ORGANIZACION DE PROGRAMAS PARA A DINAMIZACION LINGUISTICA NO AMBITO LOCAL***

*Que en relación coa axuda concedida polo importe de DOUS MIL DOUSCENTOS CINCO EUROS (2.205,00 €) para a organización de programas para a dinamización lingüística no ámbito local ao abeiro da solicitude formulada por este concello ao abeiro da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do día 4 de abril de 2014, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, RESOLVO:*

*Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida a este concello e que ascende a un total de DOUS MIL DOUSCENTOS CUARENTA EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (2.240, 81 €), de conformidade co seguinte desglose:*

<b>Nº factura</b>	<b>Proveedor CIF</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe € sen IVE e con IVE</b>	<b>Aprobación por Resolución de Alcaldía e data de aprobación</b>
05/2014	AS MAIMIÑAS, S.C. J27799352	Actuación de As maimiñas no día intercultural	302,50 336,03	20/06/2014
288	Culturactiva Soc. Coop. Galega F15983067	Actuación "Dous paíños en máis apuros"	390,08 472,00	30/09/2014
290	Culturactiva Soc. Coop. Galega F15983067	Actuación "Dous paíños en máis apuros"	386,78 468,00	30/09/2014

293	Culturactiva Soc. Coop. Galega F15983067	Actuación "Dous paiaos en máis apuros"	576,45 697,50	30/09/2014
056-B	REC Estudios	Sonorización grupo momura do 24 xullo	585,00 707,85	10/10/2014

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.

Terceiro.- Que de conformidade coa memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García, co desenvolvemento do programa para a dinamización lingüística, deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida.

Cuarto.- Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención para a organización de programas para a dinamización lingüística no ámbito local.

#### 4.B) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE-2014

Dáse conta de resolución da Alcaldía do día 13.10.14, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a realización de actividades dirixidas á xuventude, que di o seguinte:

##### "RESOLUCIÓN

##### APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE-2014

*Con relación na solicitude formulada polo Concello de Cangas ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do día 28 de abril de 2014, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude, no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2014 e se procede á súa convocatoria, a consellería resolve concederlle ao Concello de Cangas unha axuda polo importe de DOUS MIL SEISCENTOS OITO EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (2.608,24 €).*

Vista a memoria e o informe da técnica de Xuventude, Mercedes Lorenzo Núñez, nos que fai constar as actividades realizadas, a realización dos gastos efectuados, por un importe total de VINTE E TRES MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (23.513,85 €), dando cumprimento á finalidade da subvención concedida por un importe de DOUS MIL SEISCENTOS OITO EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (2.608,24 €), esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2014, polo importe de VINTE E TRES MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (23.513,85 €), segundo o seguinte desglose:

<b>Nº factura e data</b>	<b>Proveedor CIF</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Aprobación por Resolución de Alcaldía e data</b>	<b>Data pagamento</b>
17000346	Informática y Networking Compostela S.L.U. B70130885	Toner carné xuvenil	95,35	30/05/2014	16/06/2014
624/c/18384	VIAXES EROSKI A48115638	Regalo viaxes cartas de amor	239,70	24/02/2014	07/03/2014
Po/6	Asociación Cultural Descarga Furtiva G36547065	Producción concertos Directo Xove	1.200,00	20/06/2014	26/06/2014
050-B	Pérez Rubiano Henry 34629899H	Grabación Directo Xove	1.210,00	04/07/2014	16/07/2014
051-B	Pérez Rubiano Henry 34629899H	Grabación Directo Xove	1.210,00	04/07/2014	16/07/2014
052-B	Pérez Rubiano Henry 34629899H	Sonorización Directo Xove	1.210,00	08/08/2014	03/09/2014
126	Pena Portela Gabriel 52494374W	Carteis Directo Xove	272,25	28/07/2014	14/08/2014
80/14	Pena Portela Gabriel 52494374W	Material Directo Xove	429,55	10/06/2014	26/06/2014

33/14	GARYPABLO S.L. B36253912	Aluguer carpa Directo Xove	968,00	08/08/2014	03/09/2014
041	Produccións Lúa Chea S.L.	Traballos Directo Xove	1.452,00	23/09/2014	30/09/2014
3	Figueroa Otero Rosa M	Ludoteca	3.511,50	28/07/2014	14/08/2014
5	Figueroa Otero Rosa M	Ludoteca	3.511,50	30/09/2014	08/10/2014
27/14	Marexada Deporte Lecer e Cultura S.L.	Cursos monitor de tempo libre	4.554,00	10/10/2014	
	Xunta de Galicia	25% Campamento verán en Boiro	700,00	20/06/2014	23/06/2014
	Xunta de Galicia	75% Campamento verán en Boiro	2.100,00	04/07/2014	08/07/2014
0011001	CLUBE NÁUTICO RODEIRA G36040756	Actividades náuticas campamento de día	850,00	28/07/2014	14/08/2014

Segundo.- Aprobar a memoria redactada pola técnica en Xuventude, Mercedes Lorenzo Núñez.

Terceiro.- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida.

Cuarto.- Que non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención para estas actuacións que se xustifican.

Quinto.- Dar conta desta Resolución na próxima Xunta de Goberno Local que se realice."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a realización de actividades dirixidas á xuventude.

4.C) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DA SEMANA SANTA-2014

Dáse conta de resolución da Alcaldía do día 26.9.14, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a realización de actividades da Semana Santa-2014, que di o seguinte:

**"RESOLUCIÓN"**

*De conformidade coa Resolución de concesión de axuda para o desenvolvemento da actividade 'SEMANA SANTA-2014', vista a memoria elaborada xustificativa da subvención concedida a este concello polo importe de TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E NOVE EUROS (3.439,00 €) para desenvolver a actividade SEMANA SANTA-2014, subvencionada polo importe de TRES MIL TRESCENTOS SESENTA E CINCO (3.365,00 €) concedida ao Aabeiro da Resolución do 28 de abril de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvención a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, RESOLVO:*

*\*Aprobar a conta xustificativa polo importe de TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E NOVE EUROS (3.439,00 €).*

*Primeiro.- Que os gastos total realizados aprobados e pagados ascenden a un total de TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E NOVE EUROS (3.439,00 €), segundo o seguinte desglose:*

<b>Nome proveedor e CIF</b>	<b>Concepto</b>	<b>Nº factura e importe</b>	<b>Órgano de aprobación e data</b>	<b>Data de pagamento</b>
Asociación Cultural Bellas Artes G36030302	Actuación Semana Santa	03/14 1.400,00	Resolución Alcaldía. 08/08/2014	12/08/2014
Rodríguez Grande Anselmo 0388585F	Carteles Semana Santa	2014/02 1.579,00	Resolución Alcaldía. 10/04/2014	14/07/2014
ACF Tromentelo G94036100	Actuación procesión venres Santo	01/14 460,00	Resolución Alcaldía. 08/08/2014	12/08/2014

*Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.*

*Terceiro.- Que se deu cumprimento á finalidade para a que foi concedida a subvención.*

*De conformidade coa documentación que consta no expediente de subvención, principalmente a memoria da actividade desenvolvida na Semana Santa-2014, asinada polo técnico municipal e do día 08/09/2014, na que fai constar que se deu cumprimento á finalidade da subvención concedida e ao informe da interventora municipal, do día*



26/09/2014, que fai constar que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.

Cuarto.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a realización de actividades da Semana Santa-2014.

## **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

### **5º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN**

Examinado o convenio asinado o día 25 de setembro do 2014 entre a Vicepresidencia da Consellería da Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado entre a Vicepresidencia da Consellería da Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia aos departamentos de Contratación e Intervención.

### **6º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS**

#### **6.A) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

<b>NOME E NIF</b>	<b>ENDEREZO</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
-------------------	-----------------	--------------------------

SOFÍA SANTOS SOLIÑO NIF Nº 78.737.765-W	Avda. de Lugo, nº 31-Coiro.	Avda. de Lugo, nº 31-Coiro. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 233, concedido a Francisco Santos Bermúdez, con NIF 35.932.748-D. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.
M <sup>a</sup> CARMEN PÉREZ BAMIO NIF Nº 35.265.060-B	Rúa Noria, nº 15-Cangas.	Rúa Noria, nº 15-Cangas. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 144, concedido a Cándido Portela Nogueira, na Comisión Municipal de Goberno do día 26.8.94. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

## 6.B) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

### 6.B.1) SOLICITUDE DE ANTONIO COVELO RODRÍGUEZ

Examinada a solicitude presentada o día 8.10.14 por ANTONIO COVELO RODRÍGUEZ, NIF nº 36.061.564-W, con enderezo en Rúa das Xestas, nº 5-Darbo, na que reclama a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 697 que ten instalado no referido lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

#### 6.B.2) SOLICITUDE DE ISABEL AGULLA RÍOS

Examinada a solicitude presentada o día 7.10.14 por ISABEL AGULLA RÍOS, NIF nº 35.296.321-S, con enderezo en Rúa San José, nº 94-Cangas, na que reclama a baixa de do sinal de pasaxe permanente nº 94 que ten instalado no referido lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade cos artigos 3.1 e 3.2 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

#### 6.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE MARTA ELENA PRIEGUE GONZÁLEZ PARA INSTALACIÓN DE ESPELLO

Dáse conta de informe emitido o día 8.10.14 pola Policía Local, referente a solicitude de Marta Elena Priegue González para instalación de espello, que indica o seguinte:

*"Nº REX.: 1977/14*

*ASUNTO: PETICIÓN DE ESPELLO, MARTA ELENA PRIEGUE GONZÁLEZ, VÍA COBA, 29-A*

*A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por Marta Elena Priegue González, no que solicita a instalación dun espello para mellorar a visibilidade de saída da súa vivenda no lugar de Vía Coba, nº 29-A, expón:*

*Que se trata da saída dun predio ou propiedade privada e polo tanto dun interese particular.*

*Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para o resto de condutores, esta policía considera que non se debería instalar espellos públicos nestas circunstancias.*

*Por outra banda non existe inconveniente en que a solicitante adquira pola súa conta un espello e que solicite ao titular da vía unha autorización para a súa colocación, o que resolvería o problema de visibilidade na saída da vivenda particular."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e á Policía Local.

6.D) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE JOSEFA ROSA RIAL MARIÑO PARA SINALIZACIÓN HORIZONTAL NA AVDA. DE VIGO, N° 80

Dáse conta de informe emitido o día 8.10.14 pola Policía Local, referente a solicitude de Josefa Rosa Rial Mariño para sinalización horizontal na Avda. de Vigo, nº 80-Cangas, que indica o seguinte:

*"R.S.1975*

*A xefatura da Policía Local de Cangas por medio do presente escrito fai constar:*

*Que con relación a escrito que se achega, presentado por Josefa Rial Mariño, con domicilio na Avda. de Vigo, nº 80-Cangas no que solicita sinalización horizontal discontinua no tramo de referencia, tal e como estaba con anterioridade e tendo en conta que se trata de unha recta con visibilidade e polo que se da orde de comprobación a unha patrulla policial.*

*Unha vez no lugar poden comprobar que non hai inconveniente por parte da policía e salvo superior criterio para acceder ao solicitado, se ben debe solicitarse autorización á consellería competente por tratarse dunha vía de titularidade autonómica."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sita en rúa Alcalde Hevia, s/n-36003-Pontevedra, por ser este organismo o titular da vía pública en cuestión.

6.E) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/DIVERSA PROBLEMÁTICA DERIVADA DA SEGURIDADE VIARIA DENUNCIADA POLA AA.VV. DE LIMÉNS

Dáse conta de informe emitido o día 8.10.14 pola Policía Local, referente a diversa problemática derivada da seguridade viaria denunciada pola AA.VV. de Liméns, que é como segue:

*"R.S.1976/14*

*A Xefatura da Policía Local de Cangas por medio do presente escrito fai constar:*

*Que con relación a escrito que se achega presentado pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS 'O PORTELO-LIMÉNS', no que solicitan diversas actuacións en materia de tráfico é polo que se da orde de comprobación a unha patrulla policial.*

*Que se achega informe nº 1647/14 da patrulla policial.*

*Que con posterioridade e solicitado polo colectivo veciñal compróbanse o resto de pedimentos viarias pendentes que se detallan a continuación:*

*Que procede a sinalización vertical e horizontal (pintado amarelo) de prohibido o estacionamento no tramo do camiño municipal de Liméns-Subida Tralavía, Baixada do Curral, entre Berbeneta e a Grueira.*

*Que procede levantar o enreixado que cruza a estrada de subida a Darbo, desde a Praia de Liméns (vía Deputación) e tamén o enreixado que enlaza ésta con Santa Marta.*

*Que a beirarrúa (Deputación) que propoñen desde a parada escolar ata a PO-315, tamén sería conveniente a efectos de seguridade viaria, se ben deberían informar aos técnicos municipais de urbanismo e, en todo caso aos da Deputación Provincial, de quen depende a vía. O paso peonil nesta vía sería perigoso por tratarse dun tramo curvo de visibilidade reducida agás que se complemente con sinalización semafórica. Procede a sinalización de límite de velocidade.*

*Nos pedimentos á consellería competente solicitando paso de peóns na zona do Viso, faise a mesma consideración que no caso anterior, pola perigosidade do tramo, polo que calquera paso debería ser reforzado coa debida sinalización semafórica. Procede límite de velocidade.*

*Procede prohibición de aparcas enfronte ao taller 'Lontreira'.*

*Tamén procede sinal de 'STOP' nas Barreiras, no cruce coa estrada de Liméns-praia e a delimitación da zona de circulación, pintando as liñas exteriores da vía, para denunciar vehículos mal estacionados, tanto nesta zona como no tramo municipal que une coa estrada provincial O Viso-Vilanova."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente da Policía Local.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á asociación de veciños, e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

### **7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

7.A) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO PAGO DOS XUROS E CUSTOS NA PEZA DE TAXACIÓN DE CUSTOS 128/2011 (X-10/49) E DE BAIXA NA CONTABILIDADE MUNICIPAL DA OBRIGA RECOÑECIDA, EN CONCEPTO DE TAXACIÓN DE CUSTOS DERIVADO DO DECRETO DE 14/03/2011 DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 1 DE CANGAS, NA PEZA DE TASACIÓN DE CUSTOS 2/2011 DERIVADA DA EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 156/2010, SEGUIDA A INSTANCIA DE "RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN"

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 16.10.14, que é como segue:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO PAGO DOS XUROS E CUSTOS NA PEZA DE TAXACIÓN DE CUSTOS 128/2011 (X-10/49) E DE BAIXA NA CONTABILIDADE MUNICIPAL DA OBRIGA RECOÑECIDA EN CONCEPTO DE TAXACIÓN DE CUSTOS DERIVADO DO DECRETO DE 14/03/2011 DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 1 DE CANGAS NA PEZA DE TASACIÓN DE CUSTOS 2/2011 DERIVADA DA EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 156/2010, SEGUIDA A INSTANCIA DE "RÍAS BAIXAS COMUNICACIÓN" (X-09/09)*

*Visto que por decreto do día 03/05/2012 recaído no procedemento de ETX 128/2011 (derivada da sentenza resolutoria do xuízo verbal civil 546/2010) se dispuxo aprobar a taxación de custos practicada por importe de 701,52 euros, así como, aprobar a liquidación de xuros por importe de 209,17 euros a cuxo pago foi condenada a parte executada. Cómpre ordenar o pago dos 910,69 euros en concepto de custos e xuros da ETX 128/2011.*

*Visto que na peza de taxación de custos 2/2011 (ETX 156/2010) os custos por importe de 1.196,18 € foron fixados definitivamente por decreto do Xulgado de data 14/03/2011.*

*Considerando que a cantidade satisfeita previamente con base na liquidación provisional de xuros e custos superaba as liquidacións definitivas posteriormente calculadas e que por decreto de data 29 de marzo de 2011 se declarou terminado o procedemento de execución de títulos xudiciais 156/2010 e o seu arquivo, cómpre dar de baixa na contabilidade municipal os 1060,49 € recoñecidos en concepto de taxación de custos que aínda constan na contabilidade municipal co nº de asentamento 0000447 do 27/04/2011.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Tomar coñecemento do decreto de data 03/05/2012 recaído no procedemento de ETX 128/2011 (derivada da sentenza resolutoria do xuízo verbal civil 546/2010) polo que se dispón aprobar a taxación de custas practicada por importe de SETECENTOS UN EUROS CON CINCUENTA E DOUS EUROS (701,52 €), así como, aprobar a liquidación de xuros por importe de DOUSCENTOS NOVE EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (209,17 €).*

*Segundo.- Ordenar o pago dos NOVECIENTOS DEZ EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (910,69 €) en concepto de custos e xuros da ETX 128/2011.*

*Terceiro.- Dar de baixa na contabilidade municipal os MIL SESENTA EUROS CON CORENTA E NOVE (1.060,49 €) recoñecidos en concepto de taxación de custos que aínda constan na contabilidade municipal co nº de asentamento 0000447 do 27/04/2011.*

*Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da proposta da Alcaldía do día 16.10.14, transcrita anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico.

## **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace  
o presidente